ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DE ALCALDE COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 25 DE MAIO DE 2003

No salón de sesións da Casa do Concello de Redondela, sendo as doce horas do **día 14 de xuño de 2003,** para dar cumprimento có disposto, nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/85 de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, e os artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais, e á elección de Alcalde, reuníronse en sesión pública os sres/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día vintecinco de maio de dous mil tres, que son os seguintes:

Polo Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE)

D. XAIME REI BARREIRO
D. JOSÉ EDUARDO REGUERA OCAMPO
DON EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS
DONA LAURA LAGO ALLER
DONA MÓNICA CARREIRA COUÑAGO
DONA CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA
DON CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
DON MANUEL IGLESIAS CARRERA

Polo Partido Popular (P. P.)

DONA FRANCISCA CANAL GÓMEZ
DON JUAN TIZÓN CABALEIRO
DON FERMÍN ALFAYA PAZ
DON RODOLFO PATO GARCÍA
DON ANTÓN DIAZ MOURELLE
DONA Mª. DEL CARMEN AMOEDO DASILVA
DON JAIME DARRIBA VILAS

Polo Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.)

DON XOSE CARLOS PAZOS DOCAMPO
DONA CECILIA PÈREZ ORGE
DONA PURIFICACIÓN SERRANO CAVIEDES

PEL NUMERADO
ORPORACIÓNS
LOCAIS

Polos Indepedendentes REDONDELANS ADIANTE

DON ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ
DONA HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

Por Esquerda Unida (EU-IU)

DON MANUEL PÉREZ PARDO

Asistidos pola Secretaria da Corporación, Dª. Ana Isabel del Cerro del Río, e máis polo Interventor Municipal D. Modesto Solla Sanz.

FORMACIÓN MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA CONSTITUCIÓN CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS PARA A ELECCIÓN DE ALCALDE.

Seguidamente se procedeu a forma-la Mesa de Idade, integrada polo Concelleiro electo de maior idade de entre os asistentes, D. Jaime Darriba Vilas, do P.P. que pasa a presidila, e polo de menor idade de entre os asistentes do PSdeG-PSOE, Dª. Laura Lago Aller, e actuando como Secretaria da mesma a que é da propia Corporación.

Unha vez constituída a Mesa de Idade, pola mesma se procede a comproba-las credenciais presentadas polos concelleiros/as electos, con base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e, comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da mencionada Lei Orgánica e 37.4 do referido Regulamento, por dita Mesa declarase constituída a Corporación previo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa do cargo e acatamento da Constitución por parte de cada un dos Sres/as Concelleiros/as asistentes a este acto, segundo dispón o artigo 108.6 da citada Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/79, de 5 de abril (B.O.E. do día 6), da que previamente dera lectura o Sr. Presidente da devandita Mesa.

Tódolos Sres/as Concelleiros/as asistentes prometeron ou xuraron o seu cargo e acatamento á Constitución. A Concelleira Dª. Mª del Carmen Rodríguez Cunha efectuou a promesa por imperativo legal.

ELECCIÓN DE ALCALDE

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo 196 da citada Lei Orgánica 5/85, procedeuse á elección secreta do Alcalde, iniciándose a votación

de acordo co disposto polo citado Regulamento para elexilo de entre os candidatos proclamados para dito cargo, obténdose o seguinte resultado:

Dª. Francisca Canal Gómez polo P.P. : sete (7) votos
D. Manuel Pérez Pardo por EU-IU : cero (0) votos
D. Alajandro Bastos Fernández por Redondeláns Adiante: dous (2) votos
D. Xosé Carlos Pazos Docampo polo BNG: cero (0) votos
D. Xaime Máximo Oscar Rei Barreiro polo PSdeG-PSOE: oito (8) votos
Votos en branco: catro (4) votos.

Ó abeiro do disposto no artigo 196 da Lei 5/85 de 19 de xuño, ó non obter ningun dos candidatos a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros, é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabeza a lista que obtivo o maior número de votos populares no Municipio, polo que o Sr. Concelleiro elexido como Alcalde deste Concello, resultou ser D. Xaime Máximo Oscar Rei Barreiro, integrado na lista ou candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE) quen prestou a promesa do seu cargo e o acatamento da Constitución según a fórmula anteriormente mencionada, tomando posesión do seu cargo neste mesmo acto e pasando a ocupar a Presidencia da Corporación e recibindo o Caxato de Mando da Alcaldía como atributo do seu cargo.

Seguidamente polo Sr. Alcalde manifestouse ós asistentes o seguinte:

O noso compromiso é traballar pola nova dimensión da cidadanía, porque Redondela sexa un espacio para o compromiso cívico e a participación política, pola nova natureza política do Goberno Local, por unha nova concepción do pobo e das áreas de influencia urbana, pola seguridade e a xustiza de proximidade.

Queremos un pobo para as mulleres e para os homes, para as familias, para os nosos maiores, para a xuventude, para os nenos e nenas, para as persoas discapacitadas.

Os socialistas entendemos a participación cidadá non como unha alternativa á representación, senón como a condición para que os nosos representantes gobernen con excelencia.

Os socialistas auspiciarán espacios abertos, mesas cidadás, foros de deliberación para debater asuntos públicos que resulten controvertidos.

Nos servicios sociais as nosas prioridades son a atención a familia e as súas necesidades, a xente maior, ás persoas con discapacidades e a loita contra calquer tipo de marxinación social.

Os servicios sociais constituén un dos piares fundamentais do Estado de Benestar xunto coa Sanidade, a Educación e as pensións.

PEL NUMERADO
ORPORACIÓNS
LOCAIS

As políticas de apoio as familias, verdadeiros motores para a socialización dos mozos e instrumento de solidariedade coas persoas maiores deben ter como fin falicitar a calidade de vida, fomentando a igualdade de oportunidades.

Os socialistas creemos ca inmigración é un fenómeno que require unha adaptación mutua, tanto por parte da sociedade de acollida como das persoas que chegan.

Non queremos facer política para os inmigrantes, queremos facer política cos inmigrantes. Sen a súa participación calquera política estaría condenada o fracaso.

Abordar a erradicación da violencia de xénero, mediante un modelo integral e interdisciplina en colaboración con colectivos sociais, co obxectivo de cambiar pautas culturais e valores herdados, para transformar nosa sociedade local e construir unha sociedade máis xusta e paritaria.

Apóstase por dar unha resposta integral as mulleres que se atopan en situación de risco ou sufriron violencia de xénero, para combater a victimación secundaria.

Os socialistas aspiramos ós máximos niveis de protección dos consumidores.

Queremos un municipio onde os dereitos dos consumidores teñan o máximo nivel de esixencia e garantía.

Queremos impulsar novas políticas de xuventude baseadas no diálogo, na busca da cidadanía plena dos xoves, e facer do periodo da xuventude unha etapa formativa en valores e como persoa, onde as prestacións de servicios e protección por parte dos poderes públicos sexa a maior posible, sen caer na imposición.

Poucos elementos definen tan claramente a identidade socialista como a cultura do traballo, pero tamén nosa identificación con aqueles colectivos de persoas que asumen, arriscando o seu patrimonio persoal o lanzamento dunha actividade económica, tanto de forma individual como creando empresas de autoemprego colectivo ou economía social.

Queremos co noso Concello siga sendo un referente no eido da cultura galega, incitivando e garantindo tódalas iniciativas culturais e artísticas.

Para o grupo socialista de Redondela, a educación é ante todo un servicio público e un instrumento de transformación social, baseado na igualdade de oportunidades e en procesos de formación que contemplan os valores e actitudes da cidadanía.

Os cidadáns non podemos quedar ó marxe das decisións sobre o desenrolo, a orientación e o crecemento do noso pobo, da ordenación do territorio no que vivimos e habitamos, da conservación, promoción e enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico, de aspectos cruciais para a habitabilidade, a accesibilidade e a pervivencia do noso entorno; de dereitos tan fundamentais como gozar dunha vivenda digna e adecuada, o a participar, en comunidade e para todos, nas plusvalías que xera a acción urbanística.

O problema do tráfico non admite solucións milagrosas. A súa paulatina resolución require dun esforzo colectivo de información e concienciación cidadá. É un dos problemas que afectan a calidade de vida dos cidadáns e ós que deben facer fronte os gobernos locais.

Comprometémonos a unha xestión orzamentaria equilibrada e ambiciosa que conxugue a mellora dos servicios públicos, as novas inversións en dotacións básicas, o incremento patrimonial dunha política progresiva que garanta o disfrute de tódolos servicios municipais por tódolos cidadáns, independentemente do seu nivel de renda.

O noso Concello é un dos fundadores da Mancomunidade de Vigo, e un firme defensor da transformación desta. Os socialistas non entendemos a política do noso Concello illado dos demais e por iso seguimos reivindicando e traballando pola área urbana máis poboada e con máis desenrolo industrial e económico de Galicia para que isto se traduza en mellores servicios para os cidadáns.

As actuacións dos voluntarios de Protección Civil en actividades como a vixilancia de praias ou a seguridade en desfiles, procesións, etc..., o mesmo o seu traballo en temas como o do "Prestige", fan que os Concellos nos impliquemos aínda máis nestas actividades.

O esforzo destes catro últimos anos para garantir uns servicios adecuados foi moi importante, pero agora é o momento de dar un paso máis e ademáis de mantelos, afondar incorporando novas dotacións.

Garantir a práctica do deporte a tódalas capas da sociedade, mellorando ás instalacións e fomentando a práctica deportiva.

Garantir a seguridade cidadá para o exercicio igual de dereitos e liberdades debe ser un dos obxectivos prioritarios de calquera sociedade democrática. É presuposto ineludible, polo tanto, dunha sociedade libre e xusta, que é o horizonte ó que aspira a acción política dos socialistas.

Os socialistas impulsaremos un novo modelo de seguridade pública que corresponsabilice ó Estado, os municipios e á Comunidade Autónoma na súa

PEL NUMERADO ORPORACIÓNS LOCAIS

consecución, baixo un reparto de competencias e unha coordinación moito máis racional ca actualmente existente.

A contribución municipal á prevención e o mantenemento da seguridade cidadá é moi superior ós recursos que reciben do Estado. É urxente desenvolver unha política decidida de aportación de recursos económicos ós Concellos, baixo determinados criterios, entre os que débese destacar o número de policias locais e as funcións asumidas por eles.

A defensa do medio ambiente xunto coa promoción dunha educación sanitaria para e cos cidadáns supón un dos piares da política municipal socialista.

As novas tecnoloxias da información e da comunicación, abren novos horizontes dende a relación coa administración local ós cidadáns. Comprometémonos a actuar no futuro nunha triple dirección: na reforma da administración, na relación e atención dos cidadáns e na formación para a extensión e uso dos novos intrumentos.

ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO DA CORPORACIÓN.

A continuación o Sr. Interventor dá lectura ás actas de arqueo extraordinarias redactadas con motivo da constitución da nova Corporación, sendo os resumos dos documentos os seguintes:

Estado de Tesourería do Centro Deportivo Municipal

Existencias iniciais:	1.337,95
Cobros:	41.192,41
Pagos:	40.971,78
Existencias finais:	1.588,58

Estado de Tesourería do Conservatorio de Música

Existencias iniciais:	14.200,86
Cobros:	177.918,77
Pagos:	189.805,87
Existencias finais:	2.313,76

Estado de Tesourería do Concello de Redondela

Existencias iniciais:	2.341.157,85
Cobros:	11.643.174,77

Pagos: 11.654.699,11
Existencias finais: 2.329.633,51

Asímesmo dase conta da dilixencia do Interventor Xeral á acta de arqueo extraordinario do Concello de Redondela a 13.06.03, que dí:

"Nesta data na caixa da Corporación non existen os 455,22 euros indicados na acta de arqueo extraordinario do Concello de Redondela a 13.06.03, nen consta acreditación documental do ingreso (non efectuado) do citado importe en contas do Concello de Redondela, nen do destino dado ao importe citado; sendo a existencia real na caixa citada (na data indicada) de cero euros con cero céntimos (0,00 €).

Este Interventor reitera o indicado (ao respecto do saldo contable e da existencia/inexistencia de metálico na caixa da corporación) na dilixencia á acta de arqueo do día 31.07.96 e en varias posteriores, así como o indicado ao respecto no punto décimo terceiro do informe deste Interventor á liquidación e conta do Concello de Redondela do ano 2002 (referencia T 55/03, do día 14.04.03), páxinas 1.059 á 1.084 do expediente administrativo."

Igualmente consta no expediente da sesión a conciliación de saldos contables/bancos a 13.06.2003 e a documentación relativa ó Inventario de Bens da Corporación.

E, non sendo outro o obxecto da presente sesión, pola Presidencia dase por rematado o acto, sendo as doce horas e trinta minutos da data indicada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio cuarenta e cinco do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1176697, ata a volta do folio cuarenta e oito, Serie A nº 1176700, de todo o que como Secretaria do fe.

O Alcalde A Secretaria

Asdo: Xaime Rei Barreiro Asdo: Ana Isabel del Cerro del Río